

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A FEDERACIÓN DE RAZAS AUTÓCTONAS DE GALICIA (BOAGA) PARA CONTINUAR COA EXECUCIÓN DAS ACTIVIDADES DE CONSERVACIÓN, DESENVOLVEMENTO E UTILIZACIÓN SOSTIBLE DOS RECURSOS ZOOXENÉTICOS DAS RAZAS BOVINAS AUTÓCTONAS GALEGAS AMEAZADAS, DA OVELLA GALEGA, CABRA GALEGA, GALIÑA DE MOS, E DOS SEUS PRODUTOS DERIVADOS, FOMENTANDO O USO COMERCIAL DESTES, COFINANCIADO CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER), NO MARCO DO PLAN ESTRATÉXICO DA POLÍTICA AGRARIA COMÚN 2023_2027.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

María José Gómez Rodríguez, conselleira do Medio Rural, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, actuando en nome e representación da Consellería do Medio Rural, en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Castor José Rivero Martínez, actuando en nome e representación da Federación de Razas Autóctonas de Galicia (BOAGA), NIF G32280729, na súa condición de Presidente.

Cada un intervén en función do seu cargo, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas, recoñecéndose mutua e respectiva competencia e capacidade suficiente para formalizar este convenio.



EXPOÑEN

Primeiro. Segundo o establecido no artigo 30.1.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva, de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria do Estado, en materia de agricultura e gandería.

Segundo. Entre outras funcións, a Consellería do Medio Rural é competente no desenvolvemento das accións necesarias para a ordenación, fomento e control da produción gandeira, así como no desenvolvemento e control das actuacións de apoio á conservación, uso e desenvolvemento sustentable dos recursos xenéticos na gandería, como se recolle no artigo 20.1.b) do Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural.

Terceiro. A Federación de Razas Autóctonas de Galicia (en diante BOAGA) constituíuse o 8/2/2001 como unha asociación sen ánimo de lucro, cun ámbito de actuación autonómico. Integra á meirande parte dos propietarios de exemplares de razas autóctonas galegas ameazadas e na actualidade está integrada por 7 asociacións de criadores de razas autóctonas galegas ameazadas:

- Asociación de criadores da raza Cachena (CACHEGA),
- Asociación de criadores da raza Caldelá (CALDEGA),
- Asociación de criadores da raza Limiá (LIMIAGA),
- Asociación de criadores da raza Frieiresa (FRIEIREGA),
- Asociación de criadores da raza Vianesa (VIANEGA),
- Asociación de criadores da raza Ovella Galega (ASOVEGA),
- Asociación de avicultores da raza Galiña de Mos (AVIMÓS).

Ao mesmo tempo, ten asinado un convenio de colaboración coa Asociación de gandeiros da raza Cabra Galega (CAPRIGA).

Entre os fins da federación están:

- Conservación, recuperación e mellora do gando autóctono de Galicia ameazados.



- A representación, defensa e promoción dos intereses das razas autóctonas de Galicia ameazadas.
- A realización, fomento e participación naqueles estudos que teñan por obxecto as razas autóctonas de Galicia ameazadas.
- Prestar asesoramento a entidades e persoas dedicadas á agricultura e gandería e incrementar, estimular e intensificar a produción gandeira e a súa comercialización.
- Loitar pola modernización das explotacións nos diferentes e múltiples aspectos, co fin de obter produtos de maior calidade.
- A colaboración con outras asociacións ou federacións afíns, tanto a nivel autonómico coma estatal ou internacional, para establecer as relacións e os acordos que se estimen convenientes.
- Formular propostas á Administración sobre accións, reformas ou medidas para o desenvolvemento e mellora do gando autóctono de Galicia ameazado.
- Ser os interlocutores válidos dos criadores de razas autóctonas galegas ameazadas coa administración para todos os asuntos relacionados co sector dentro do seu ámbito territorial, e representante dos criadores de gando autóctono de ameazado para as cuestións de carácter autonómico, estatal ou internacional.

Cuarto. As accións en materia de conservación de recursos zoonéticos planifícanse consonte as disposicións do Regulamento (CE) nº 2021/2115 do Parlamento Europeo e do Consello do 2 de decembro de 2021, polo que se establecen normas en relación coa axuda aos plans estratéxicos que deben elaborar os estados membros no marco da política agraria común (plans estratéxicos da PAC), financiada con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA) e ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), e polo que se derrogan os Regulamentos (UE) nº 1305/2013 e (UE) nº 1307/2013, e xestiónanse de conformidade co Real Decreto 1047/2022, do 27 de decembro, polo que se regula o sistema de xestión e control das intervencións do Plan Estratéxico e outras axudas da Política Agrícola Común.

Estas accións están recollidas na intervención 65052: Actividades de conservación de recursos xenéticos NON SIXC, do Plan Estratéxico da PAC de España 2023-2027, aprobado por Decisión de Execución da Comisión C (2022) 6017, do 31 de agosto de 2022 e as súas



modificacións, que deron lugar á versión vixente do PEPAC aprobada por Decisión de Execución da Comisión C (2024) 6133 final, do 30 de agosto de 2024.

As persoas beneficiarias últimas das actuacións financiadas con este convenio son as persoas gandeiras das razas obxecto do mesmo.

Quinto. A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, prevé a concesión directa de subvencións cando se acrediten razóns de interese público, social ou económico. No mesmo senso exprésase o artigo 36.c, do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei. Por outra parte, o artigo 40.1 do mesmo decreto posibilita a concesión de subvencións directas mediante convenio, nos casos en que se acrediten razóns de interese público, social ou económico.

Sexto. Galicia conta cunha grande diversidade de recursos xenéticos gandeiros autóctonos. A súa explotación sostible e rendible en sistemas de produción de calidade altamente compatibles co medio ambiente, é posible en gran parte pola rusticidade e a gran capacidade adaptativa destas razas.

Na actualidade, a conservación e o fomento destas razas debe apoiarse no valor engadido que vai asociado á forma de produción característica das mesmas, cun gran aproveitamento dos recursos naturais pero sen esquecer a protección do medio ambiente. Valor engadido que se estende tamén aos produtos que se obteñen das mesmas, diferenciándoos e incrementando a súa demanda e prezo.

As actividades de recuperación e conservación deste acervo xenético, van a permitir seguir consolidando os resultados obtidos ata o de agora. Compre seguir traballando na conservación destas razas, polo que procede asinar un convenio entre a Consellería do Medio Rural e BOAGA, coas miras postas na recuperación e potenciación da súa variabilidade xenética, diferenciando as súas producións, contribuíndo á diversificar as actividades económicas no rural e facendo un uso comercial das razas e os seus produtos, pero sen esquecerse do mantemento da biodiversidade.



Este tipo de actuacións están recollidas especificamente no Plan Estratégico da PAC de España 2023-2027, para Galicia, que pretende fomentar o emprego dos recursos xenéticos autóctonos.

O desenvolvemento deste programa de actuacións, só é posible coa participación de BOAGA. As asociacións que a integran son as únicas recoñecidas oficialmente pola Comunidade Autónoma de Galicia para a xestión do Libro Xenealóxico das razas, aglutinan aos criadores e son as únicas que contan coa experiencia, formación e coñecementos necesarios para realizalo.

Nestas condicións o procedemento ordinario de concorrencia competitiva na concesión de subvencións resulta improcedente, por canto a entidade destinataria resulta imprescindible para a xestión do programa.

Polo tanto, asumindo que a promoción de programas de conservación e fomento dos recursos zootenéticos autóctonos de Galicia reúne as condicións aludidas na lei e o regulamento de subvencións, enténdese a procedencia da sinatura dun novo convenio entre a Consellería do Medio Rural e BOAGA para continuar coa execución das actividades de conservación, desenvolvemento e utilización sostible dos recursos zootenéticos das razas bovinas autóctonas galegas ameazadas, da Ovella Galega, Cabra Galega, Galiña de Mos, e dos seus produtos derivados, fomentando o uso comercial destes, fomentando o uso comercial destes como elemento clave para a súa conservación.

Sétimo. No ano 2023, encadrado na medida 10.21 do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia para o período 2014-2020, asinouse con BOAGA un convenio para continuar coa execución das actividades de conservación, desenvolvemento e utilización sostible dos recursos zootenéticos das razas bovinas autóctonas galegas ameazadas, da Ovella Galega, Cabra Galega, Galiña de mos, e dos seus produtos derivados, fomentando o uso comercial destes con vixencia ata o 31 de agosto de 2025. A renovación dos compromisos adquiridos supón unha continuidade temporal, imprescindible cando se traballa na recuperación das razas autóctonas.



Oitavo. En virtude do anterior, e acreditado que BOAGA cumpre cos requisitos establecidos para obter a condición de beneficiaria, segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ambas as dúas partes acordan asinar o presente convenio de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto deste convenio é establecer as condicións para continuar coa execución das actividades de conservación, desenvolvemento e utilización sostible dos recursos zoonéticos das razas bovinas autóctonas galegas ameazadas, da Ovella galega, Cabra galega, Galiña de mos, e dos seus produtos derivados, fomentando o uso comercial destes por parte da Federación de Razas Autóctonas de Galicia (BOAGA).

A finalidade do convenio axústase aos fins e obxectivos de BOAGA, obxectivos compartidos coa consellería do Medio Rural tal como se recolle nos expoñendos terceiro e segundo respectivamente.

SEGUNDA. Obrigas de BOAGA

BOAGA asume as obrigas contidas no Plan Estratéxico da PAC 2023-2027, tanto as descritas a nivel nacional como a nivel rexional en Galicia, para a subintervención 65052_01 Asociacións para a preservación dos recursos gandeiros. Particularmente debe contemplar entre os seus fins e así o deben recoller os seus estatutos, a conservación, recuperación e/ou fomento dos recursos xenéticos gandeiros.

Toda a información relativa ao convenio, estará dispoñible nunha web na que se respectará a publicidade FEADER, segundo o establecido nos Anexos II e III do Regulamento de Execución (UE) 2022/129, da Comisión, do 21 de decembro de 2021 polo que se establecen normas para os tipos de intervención relativos ás sementes



oleaxinosas, o algodón e os subprodutos da vinificación en virtude do Regulamento (UE) 2021/2115, do Parlamento Europeo e do Consello, así como para os requisitos en materia de información, publicidade e visibilidade relacionados coa axuda da Unión e os plans estratéxicos da PAC e na Instrución da Autoridade de Xestión Rexional do PEPAC 01/2023 Información, Publicidade e Visibilidade.

Esta publicidade estará dispoñible en todas as actividades de información e comunicación que desenvolva BOAGA no ámbito do presente convenio.

BOAGA asume ademais as seguintes obrigas:

A. Relativas á conservación 'in situ' / 'ex situ' e tarefas de estudo:

1. Mantemento dunha base de datos actualizada, na que se identifiquen os animais e o xermoplasma conservado existente durante a vixencia do convenio actualizados a 31 de decembro de cada ano:
 - Animais vivos rexistrados no programa in situ e no programa ex situ.
 - Xermoplasma existente e relación de sementais presentes no banco de xermoplasma.

Tamén conterá información relativa ás vías de acceso aos recursos da raza por parte dos criadores. A tal efecto, a web de BOAGA conterá un apartado relativo aos datos de contacto: correo electrónico e número de teléfono das distintas asociacións de criadores das razas obxecto do convenio.

Na web da entidade se facilitará a oferta e demanda de exemplares entre particulares e será accesible a toda persoa interesada.

2. Apoio loxístico no mantemento ou creación dos bancos de xermoplasma regulados na normativa vixente en materia de zootecnia.
3. Asesorar aos criadores na selección e mantemento da variabilidade xenética dos rabaños de ditas razas, actuando tanto nos programas 'in situ' como nos programas desenvolto 'ex situ' ou fóra do seu hábitat. A partir de estudos de consanguinidade entre os animais da explotación e os posibles sementais existentes nese momento, controlarase a consanguinidade dos rabaños o que reverterá na variabilidade xenética do conxunto da poboación.



4. Realizar as toma de mostrás e análíticas de xenotipado necesarias para cubrir como mínimo o 50% dos animais que acaden a condición de reprodutores durante o período de vixencia do convenio.

B. Relativas á mellora das explotacións e das súas producións:

5. Formación e asesoramento aos criadores e demais persoas interesadas:

- Na tipificación dos produtos de razas autóctonas: incidindo no concepto de sistema de produción, a base vexetal e animal, dimensionamento óptimo segundo a alimentación, aloxamentos e equipos idóneos e programas hixiosanitarios correctos. O control destes parámetros expresarase nuns produtos tipificados e de calidade diferenciada.
- Na redución de custos e mellora dos aspectos produtivos das ganderías: traballando sobre os factores de variación da produtividade: base animal, factores de variabilidade reprodutiva e crecemento, transformación dos alimentos e calidade nas producións.
- Na creación e promoción de marcas comerciais individuais por parte dos propios produtores: Baixo o amparo da raza, como distintivo de calidade (Logotipo autóctona 100%), resaltando os aspectos identificativos de cada explotación a nivel comercial, como imaxe de marca, coa finalidade de mellorar a competitividade e economía.
- Na diversificación das actividades a realizar (venta directa a través de asistencia a feiras e mercados locais, comercialización fóra das canles habituais, utilización novas tecnoloxías): análise dos mercados, información sobre posibles vías de comercialización, creación de necesidades aos consumidores e preferencias dos mesmos.

6. Manter actualizados os manuais de procedemento e de boas prácticas de hixiene adaptadas aos sistemas de produción da raza para o manexo de acordo aos principios agroambientais e o respecto á normativa vixente. Os manuais incluírán programas de profilaxe, loita contra as enfermidades animais e mellora das súas condicións de hixiene.

7. Manter actualizados os estudos de viabilidade das explotacións que conclúa que factores son determinantes no seu sostemento e viabilidade económica, aportándolle aos gandeiros elementos de valoración para a toma de decisións na súa explotación.



8. Manter actualizados os estudos de complementariedade entre especies/produccións, vías de asociación e aproveitamento das potencialidades e participación dos gandeiros na transformación dos produtos primarios e comercialización da produción.
9. Manter actualizadas as guías e publicacións de adaptación das producións a certificados de calidade.

Os manuais, guías e estudos deben ter un enfoque práctico, de xeito que se poña a disposición dos criadores toda a información útil para a conservación e emprego sostible dos recursos das razas. Os manuais elaborados irán actualizándose coas novidades normativas, técnicas, etc, durante os anos de vixencia do convenio.

C. Relativas á promoción da raza:

Todas as actividades de promoción e difusión seguirán un plan de actuación polo período de vixencia que será presentado no transcurso do primeiro SEMESTRE dende a sinatura do convenio. Este plan de actuación será aprobado pola persoa responsable da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias.

Nos casos en que non sexa posible a previsión das actuacións dentro da programación comunicaranse as actuacións a desenvolver cunha antelación mínima de 10 días. Estas comunicacións irán dirixidas á Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias e incluírán todos os datos relativos á data, horarios, persoa de contacto e lugar de celebración da actuación, así como un breve resumo do contido da mesma.

10. Difusión anual dos resultados acadados entre os criadores e público xeral. A información xerada estará dispoñible na web da entidade e na que se seguirán as normas de publicidade FEADER.
11. Promoción do selo de calidade autóctona 100%.
12. Divulgación e valorización das posibilidades produtivas das razas e dos seus produtos, con campañas de sensibilización social e a colaboración directa coa hostalería galega.
13. Participar anualmente nos eventos Feira Internacional Semana Verde de Galicia e SALIMAT, por tratarse do principal escaparate do sector a nivel autonómico, coa presenza das razas autóctonas e os seus produtos derivados. A participación incluírá algunhas das seguintes actuacións: presenza de exemplares das razas autóctonas, organización de concursos morfolóxicos, certames monográficos de carácter profesio-



nal, presenza do selo de calidade autóctona 100%, exposicións e degustacións de produtos derivados das razas, etc.

14. Outras actividades de promoción das razas e dos produtos destas: Estas actividades de promoción levaranse a cabo a través da participación en feiras, organización de concursos morfolóxicos e elaboración de diverso material publicitario.

TERCEIRA. Gastos financiábeis

A Consellería do Medio Rural non participa nas actividades nin dos resultados do presente convenio e financiará as actuacións do mesmo, realizadas dende o 1 de setembro de 2025.

Achégase, nos anexos ao texto do convenio, o cadro orzamentario coas actuacións a desenvolver por BOAGA coa análise dos custos.

BOAGA poderá contratar con terceiros a execución das actuacións do convenio que non estea capacitada a prestar ata un 100%. Para isto estará sometida ás obrigas establecidas nos apartados 3 e 4 do artigo 27 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. Ademais, estará sometida ao recollido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014. Así como ao recollido no Real Decreto 1047/2022, de 27 de decembro, polo que se regula o sistema de xestión e control das intervencións do Plan Estratéxico e outras axudas da Política Agrícola Común, título III, capítulo III, sección 1ª, no relativo aos controis e en concreto aos controis de moderación de custes.

Deste xeito, para todos os gastos incluídos na xustificación deberase solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contratación. As ofertas, que se incluírán entre a documentación xustificativa, deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Non poderán proceder de empresas vinculadas entre elas, nin co solicitante, nos termos establecidos na lexislación de contratos do sector público.



b) Deberán incluír como mínimo o NIF, nome e enderezo da empresa oferente, o nome o razón social da empresa solicitante da axuda, a data de expedición e unha descrición detallada dos conceptos ofertados.

Non se considerarán admisibles as ofertas presentadas que non reúnan estes requisitos, o que poderá dar lugar á exclusión como subvencionable do gasto xustificado con esa oferta.

A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía e debe xustificarse expresamente nunha memoria, baseada nos criterios sinalados, cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa. No caso de no ser así, considerarase como importe máximo subvencionable para ese concepto o correspondente á proposta económica máis vantaxosa.

Excepcionalmente, no caso de conceptos subvencionables que polas súas especiais características non existan no mercado suficiente número de entidades que o subministren, a consecución de ofertas resulte difícil ou dificulte en extremo a xestión, a Comisión de Seguimento poderá establecer xustificadamente valores de referencia para a moderación de custos. No anexo I establécense prezos máximos de referencia para algúns gastos nos que a consecución de ofertas resulta difícil ou dificulta en extremo a xestión.

Non se considerarán subvencionables os gastos nos que non se xustifique a moderación de custos conforme aos criterios e requisitos sinalados neste apartado.

O Imposto sobre o valor engadido, excepto cando non sexa recuperable conforme á lexislación nacional sobre IVE, non é financiable tal e como se recolle no artigo 29.8, da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. No caso de que o IVE poida ser subvencionable, as persoas beneficiarias deberán presentar a xustificación documental de non suxeición ou exención do imposto emitida pola AEAT.

Os investimentos non serán financiados dentro do convenio.

Establécese un máximo do 80% dos gastos de persoal, salvo naqueles casos nos que se acredite unha dedicación exclusiva do traballador ao proxecto.

O convenio subscríbese no marco da subintervención 65052_01 do Plan Estratéxico da PAC de España, para Galicia, sendo a intensidade da axuda do 100% dos gastos subvencionables, cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) cunha porcentaxe de financiamento do 80%, o 16% correspondería ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e o 4% restante á Xunta de Galicia. O financiamento



das actuacións do presente convenio é incompatible con calquera outro que proveña de fondos comunitarios segundo o establecido no artigo 36 do Regulamento (UE) 2021/2116 do Parlamento Europeo e do Consello de 2 de decembro de 2021 sobre a financiación, a xestión e o seguimento da política agrícola común e polo que se derroga o Regulamento (UE) n. o 1306/2013 , pero si o podería ser con outros fondos públicos ou privados achegados para o efecto. A suma das axudas concedidas non excederán a contía do gasto subvencionable nos termos previstos no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En todo caso, deberá garantirse a non existencia de dobre financiamento para a mesma actuación.

CUARTA. Xustificación

Realizaranse un mínimo de catro xustificacións e presentación de gastos e pagamentos anuais. As datas límites para estas xustificacións serán o 1 de abril, o 1 de xullo, o 1 de outubro e 1 de decembro nos anos 2026 e 2027. No ano 2025, a data límite para a xustificación será o 1 de decembro.

Con cada xustificación a persoa beneficiaria debe achegar:

- Unha certificación do representante legal ou persoa na que teña delegada a representación da entidade, coa relación en detalle das actividades realizadas.
- Unha certificación do representante legal ou persoa na que teña delegada a representación da entidade, na que se indique a porcentaxe de tempo que o traballador dedica ao proxecto cando se xustificuen gastos de persoal propio.
- Os xustificantes orixinais dos gastos e as xustificacións bancarias que acrediten o seu pago efectivo. Deberán reunir os requisitos recollidos no artigo 6 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.
- Unha memoria económica en formato dixital '.xlsx' (táboa de gastos segundo o esquema do anexo)
- Unha memoria técnico - económica das actuacións realizadas, na que se identifique a finalidade elixible e contemplada no convenio de cada un dos gastos



imputados. Neste documento acreditarase o cumprimento das obrigas de publicidade recollidas na cláusula undécima. O material consecuente das actuacións será incluído ou reproducido neste documento.

- Unha declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes, ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como doutros ingresos ou recursos que financien o proxecto.
- Unha memoria de moderación de custos segundo os criterios establecidos na cláusula terceira. Nesta farase referencia aos orzamentos solicitados identificando as entidades consultadas, a data da oferta e importe da mesma. No caso en que a oferta elixida non sexa a mais vantaxosa economicamente, a memoria incluírá as motivacións de tal elección.
- Unha relación de todas as subvencións solicitadas ou concedidas para esta ou outra finalidade, coa indicación da administración que as convocou e o departamento responsable da xestión das mesmas, durante o ano en curso.

Poderanse efectuar pagamentos a conta, pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, sempre de acordo co disposto no artigo 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, abonados por contía equivalente á xustificación presentada a conta da liquidación final. O importe do pagamento a conta non superará o 80 % da contía anual adxudicada.

Non obstante, BOAGA queda eximida de constituír garantías para efectuar estes pagamentos a conta, de acordo co disposto no artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A consellería resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coas actividades realizadas no marco do convenio, incluíndo a relativa ao cumprimento dos requisitos de presentación de datos á autoridade de xestión e ao rexistro de realizacións e resultados.

As actuacións descritas no presente convenio, estarán sometidas a un sistema axeitado de avaliación de custos, con independencia do importe do gasto subvencionable. De acordo co establecido no artigo 82 do Real Decreto 1047/2022, do 27 de decembro, no



que se establecen disposicións relativas aos controis, así como no Plan Galego de Controis (Intervencións PEPAC 2023-2027 – Réxime Feader NON SIXC) os controis administrativos incluírán a comprobación por parte da unidade xestora do sistema empregado para a moderación de custos.

Os gastos deberán responder de xeito indubidable á natureza das actividades recollidas no presente convenio, incluídos os gastos de persoal e os medios loxísticos necesarios. Non se financiarán actividades no Programa marco da Comunidade Europea para accións de investigación, desenvolvemento tecnolóxico e demostración.

Os gastos realizados deberán acreditarse mediante a presentación dos xustificantes orixinais do gasto e as xustificacións bancarias que acrediten o seu pago efectivo. As facturas presentaranse en orixinal, e marcaranse cun selo indicando nel o financiamento por parte do FEADER e se o importe se imputa total ou parcialmente ao convenio, indicando neste último caso, a porcentaxe que resulte afectada polo mesmo.

Ademais, tendo en conta que entre as actuacións do convenio se recollen actuacións executadas con medios propios achegados por BOAGA, concretamente man de obra propia remunerada, coa xustificación documental dos gastos e pago dos traballos executados cos medios propios, deben achegarse as nóminas correspondentes ao tempo dedicado por cada traballador á execución do traballo, certificando especificamente o emprego da porcentaxe de tempo que o traballador dedica ao proxecto, así como a documentación acreditativa do pago das nóminas, cargas sociais e IRPF.

Os días de vacacións deben descontarse do tempo dedicado á execución do traballo, e tamén deberán terse en conta nas nóminas de paga extra.

Si se utilizan medios materiais propios, a persoa beneficiaria poderá imputar ao proxecto, a parte proporcional que corresponda dos custos de amortización deses equipos ou materiais durante a vixencia do convenio, custos que deben calcularse de conformidade coas normas de contabilidade, debendo achegar a documentación acreditativa do sistema de cálculo utilizado.

Toda a documentación incluída na xustificación presentarse tamén en formato dixital '.pdf'

QUINTA. Relacións laborais



A subscripción do convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais e os empregados de BOAGA que desenvolvan as actividades programadas e a Xunta de Galicia.

SEXTA. Comisión de seguimento

Para avaliar o desenvolvemento do convenio poderase constituír unha comisión de seguimento, coa seguinte composición e funcións:

Composición:

Por parte da Consellería do Medio Rural:

- O subdirector xeral de Gandaría ou persoa en quen delegue.
- O xefe do servizo de Producións Gandeiras e Benestar Animal ou persoa en quen delegue.

Por parte de BOAGA:

- O representante legal ou persoa en quen delegue.
- Un técnico/ persoal que participe no desenvolvemento das obrigas do convenio.

Funcións:

Realizar o seguimento da execución e cumprimento do convenio.

Propoñer e deseñar medidas e actuacións que redunden no éxito da aplicación do presente convenio.

Establecer e definir criterios e pautas de actuación a seguir, así como de levar a coordinación, a supervisión técnica das accións previstas no convenio e os resultados acadados.

A comisión de seguimento reunirse sempre que o solicite algún dos seus membros.

A Consellería do Medio Rural ostenta a prerrogativa da interpretación e resolución de cantas dúbidas e controversias xurdan na aplicación do convenio.



SÉTIMA. Informes

BOAGA elaborará anualmente un informe analítico das actividades realizadas no marco do convenio, informe que presentará antes do día 31 de decembro dos anos 2025, 2026 e 2027, e aqueles informes que a Consellería considere necesarios para a correcta avaliación do mesmo. No último ano da duración do convenio, o informe que se presentará incluírá unha análise do cumprimento das obrigas asumidas coa sinatura do presente convenio.

De conformidade ao establecido no artigo 131 do Regulamento (CE) nº 2021/2115 do Parlamento Europeo e do Consello, a persoa beneficiaria proporcionará á Autoridade de xestión, toda a información necesaria para poder realizar o seguimento e avaliación do Plan estratéxico da PAC.

Así mesmo a persoa beneficiaria ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

OITAVA. Plan de controis

A execución das actividades realizadas por BOAGA, obxecto do convenio, está suxeita ao plan de controis establecido, de acordo coas disposicións regulamentarias prescritas para os controis de fondos cofinanciados polo FEADER no Real Decreto 1047/2022, do 27 de decembro, polo que se regula o sistema de xestión e control das intervencións do Plan Estratéxico e outras axudas da Política Agrícola Común. Os controis inclúen:

1. Un control administrativo de todas as solicitudes de pago e outras declaracións ou das operacións derivadas dos plans específicos que desenvolvan. Estes controis aplicaranse sobre todos os elementos de admisibilidade que sexa posible controlar por vía administrativa. Os procedementos empregados permitirán rexistrar os controis, os resultados das comprobacións e as medidas adoptadas en caso de discrepancias.



2. O número total de controis sobre o terreo de solicitudes de pago presentadas durante o ano natural representará polo menos o 5% do gasto financiado polo FEADER que aboa o organismo pagador cada ano natural sobre o total da subintervención.

BOAGA comprométese a colaborar na execución dos controis nos termos que se precisen. Igualmente, acepta someterse aos controis que legalmente procedan a cargo da Intervención Xeral da Xunta de Galicia, do Consello de Contas, dos órganos comunitarios de inspección e do Servizo de Auditoría Interna do FOGGA.

Ademais, conforme o disposto no artigo 123.2 b) i) do Regulamento 2021/2115, a entidade levará un sistema de contabilidade separado ou ben un código contable axeitado para todas as transaccións relativas ás operacións relacionadas coas actuacións do convenio e que son financiadas con fondos FEADER.

Para unha correcta aplicación do recollido nesta cláusula atenderase ao disposto na Lei 30/2022, de 23 de decembro, pola que se regulan o sistema de xestión da Política Agrícola Común e outras materias conexas e no Real Decreto 147/2023, de 28 de febreiro, polo que se establecen as normas para a aplicación de penalizacións nas intervencións contempladas no Plan Estratéxico da Política Agrícola Común, e se modifican varios reais decretos polos que se regulan distintos aspectos relacionados coa aplicación en España da Política Agrícola Común para o período 2023-2027, en relación á aplicación de reducións, sancións e exclusións.

A aceptación da axuda implica a obriga de asumir a aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas no ámbito de xestión da entidade, así como a comunicar ao órgano xestor os casos de sospeitas de fraude no ámbito do Feader.

NOVENA. Incompatibilidade

A percepción dunha achega en base a este convenio é incompatible con calquera outro que proveña de fondos comunitarios, pero si é compatible con calquera outra que poida obterse doutras administracións ou entes públicos para a mesma finalidade. En todo caso, deberá garantirse a non existencia de dobre financiamento para a mesma actuación.



DÉCIMA. Retirada parcial ou total e obriga de reintegro

Se o importe da solicitude de pago supera o importe dos custos que se consideren admisibles durante os controis administrativos en máis dun 10%, aplicarase unha sanción administrativa ao importe dos custos admisibles. O importe da sanción será igual á diferenza entre eses dous importes, pero non irá máis alá da retirada total da axuda.

A entidade perceptora dos fondos, comprométese a cumprir as obrigas que como beneficiaria dunha subvención sinala o artigo 11 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

A entidade ten a obriga de reintegrar, total ou parcialmente, a achega percibida xunto cos xuros de demora que correspondan, nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Conforme ao disposto no artigo 10 da Lei 30/2022, de 23 de decembro, pola que se regulan o sistema de xestión da Política Agrícola Común e outras materias conexas para garantir unha protección eficaz dos intereses financeiros da Unión, tal e como se recolle no artigo 59.1 do Regulamento (UE) 2021/2116 do Parlamento Europeo e do Consello, de 2 de decembro, en caso de producirse calquera pago indebido a raíz de irregularidades, negligencias e erros administrativos, solicitarase á persoa beneficiaria a devolución do mesmo no prazo de dezoito meses tras a aprobación e, no seu caso, a recepción polo organismo pagador ou o organismo responsable da recuperación, dun informe de control non provisional ou un documento similar no que se indique que se ten producido unha irregularidade, negligencia ou erro administrativo, mais os xuros de demora correspondentes.

O prazo da devolución do pago indebido non poderá ser superior en máis de 2 meses contados dende a data da resolución.

O tipo de xuro aplicable calcularase de acordo co Dereito nacional, pero non poderá ser inferior ao tipo de xuro aplicable á recuperación de importes en virtude das disposicións nacionais.



UNDÉCIMA. Propiedade intelectual e publicidade

A propiedade intelectual dos traballos e dos datos obtidos no desenvolvemento do presente convenio pertencerá a BOAGA.

BOAGA poderá publicar datos e resultados parciais ou finais obxecto do presente convenio sen ningunha limitación. En calquera caso, a difusión de información relativa ao presente convenio deberá facer mención expresa a este.

Así mesmo as persoas beneficiarias deberán atender ao disposto nos anexos II e III do Regulamento de Execución (UE) 2022/129, da Comisión, do 21 de decembro de 2021 polo que se establecen normas para os tipos de intervención relativos ás sementes oleaxinosas, o algodón e os subprodutos da vinificación en virtude do Regulamento (UE) 2021/2115, do Parlamento Europeo e do Consello, así como para os requisitos en materia de información, publicidade e visibilidade relacionados coa axuda da Unión e os plans estratéxicos da PAC e na Instrución ARX PEPAC 01/2023 Información, Publicidade e Visibilidade.

DUODÉCIMA. Resolución

Son causas de resolución do presente convenio: o incumprimento total ou parcial dalgunhas das súas cláusulas, o transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas, as actuacións que poidan prexudicar a consecución dos obxectivos da subintervención e as modificacións das directrices de desenvolvemento sen contar coa previa autorización escrita da Consellería do Medio Rural.

Así mesmo, a Consellería do Medio Rural poderá resolver de xeito unilateral o convenio nos exercicios 2026 e/ou 2027 no caso de inexistencia ou insuficiencia dos fondos programados FEADER 2023-2027 para a intervención 65052: Actividades de conservación de recursos xenéticos NON SIXC, subintervención 65052_01.



DÉCIMO TERCEIRA. Autorizacións

BOAGA autoriza á Consellería do Medio Rural, á obtención de forma directa da acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia e coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a través de certificados telemáticos.

De acordo co Artigo 131 do Regulamento (CE) nº 2021/2115 do Parlamento Europeo e do Consello, as persoas beneficiarias deberán proporcionar á autoridade de xestión, aos avaliadores designados ou a outros organismos en que a dita autoridade delegue a realización deste tipo de tarefas, toda a información necesaria para poder realizar o seguimento e a avaliación do plan estratéxico da PAC.

DÉCIMO CUARTA. Transparencia

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto do convenio e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

DÉCIMO QUINTA. Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das



persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

De conformidade co artigo 99 do Regulamento (UE) 2021/2116, infórmase a BOAGA, como parte beneficiaria deste convenio, da publicación dos datos que lle concirne na lista de operacións seleccionadas para recibir axuda do FEADER segundo o previsto no artigo 49 do Regulamento 2021/1060 e de que ditos datos poderán ser tratados por organismos de auditoría e investigación da Unión e dos Estados membros para protexer os intereses financeiros da Unión.

DÉCIMO SEXTA. Natureza

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polas súas propias cláusulas. En todo o non sinalado estarase ao previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei, así como o disposto no Regulamento (UE) 2022/128 da Comisión do 21 de decembro de 2021 polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 2021/2116 do Parlamento Europeo e do Consello sobre os organismos pagadores e outros órganos, a xestión financeira, a liquidación de contas, os controis, as garantías e a transparencia.

A xurisdición contencioso - administrativa será a competente para entender os litixios que puideran xurdir.

DÉCIMO SÉTIMA. Vixencia do convenio e financiamento

O presente convenio, que producirá efectos dende o 1 de setembro de 2025 ata o 31 de decembro do 2027, asíñase para o período 2025-2027. O importe total ascende a un millón sesenta e oito mil douscentos cincuenta euros (1.068.250,00 €), coa seguinte dotación máxima para cada unha das anualidades do convenio:



- 93.650,00 € para o ano 2025.
- 487.300,00 € para o ano 2026, dos que 95.000,00 € estarán destinados á participación nos eventos Feira Internacional Semana Verde de Galicia e SALIMAT.
- 487.300,00 € para o ano 2027, dos que 95.000,00 € estarán destinados á participación nos eventos Feira Internacional Semana Verde de Galicia e SALIMAT.

O Imposto sobre o valor engadido, excepto cando non sexa recuperable conforme á lexislación nacional sobre IVE, non é financiable tal e como se recolle no artigo artigo 29.8, da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Calquera variación normativa que leve aparellados cambios respecto ao IVE dará lugar á modificación deste convenio a través da correspondente addenda. Os pagos efectuaranse con cargo á aplicación orzamentaria 15.04.713C.781.2 do código proxecto 2025 00136, cofinanciada no 80% polo FEADER, 16% MAPA e 4% Xunta de Galicia.

DÉCIMO OITAVA. Plan, intervención e obxectivo específico

As accións recollidas no presente convenio subvenciónanse en virtude da intervención 65052 Actividades de conservación de recursos xenéticos NON SIXC, subintervención 65052_01 Asociacións para a preservación dos recursos gandeiros, obxectivo específico 6: "Contribuír a deter e revertir a perda de biodiversidade, potenciar os servizos ecosistémicos e conservar os hábitats e as paisaxes" con indicador de output O.19 (Número de operacións ou unidades en favor dos recursos xenéticos) do Plan Estratégico da PAC de España, para Galicia para o período 2023-2027, cofinanciado polo FEADER.

E en proba de conformidade, asinan este convenio na data da sinatura dixital.

Pola Consellería do Medio Rural

Por BOAGA

A conselleira do Medio Rural

O presidente de BOAGA

María José Gómez Rodríguez

Castor José Rivero Martínez



ANEXO I MECANISMOS DE MODERACIÓN DE CUSTOS

Tal e como se establece na Cláusula Cuarta, as actuacións descritas no presente convenio, estarán sometidas a un sistema axeitado de avaliación de custos:

De acordo co establecido no artigo 82 do Real Decreto 1047/2022, do 27 de decembro, polo que se regula o sistema de xestión e control das intervencións do Plan Estratégico e outras axudas da Política Agrícola Común, os controis administrativos incluírán a comprobación por parte da unidade xestora do sistema empregado para a moderación de custos.

O control de custos avaliarase mediante a comparativa de tres ofertas diferentes, as cales procederán en todos os casos de provedores acreditados e independentes. As ofertas serán detalladas e incluírán os mesmos elementos para facilitar a súa comparación. Consideraranse aquelas que ofrezan a mellor relación de calidade do servizo ou material, en relación co prezo das mesmas. No caso de non escoller a proposta económica máis vantaxosa deberán xustificarse expresamente nunha memoria as motivacións desta elección.

No caso en que non existan no mercado provedores suficientes para cumprir co establecido no parágrafo anterior, esta circunstancia xustificarse expresamente na memoria de moderación de custos.

PREZOS MÁXIMOS DE REFERENCIA:

Gastos de desprazamento. Presentarase un cadro de desprazamentos coa indicación do número de km, o lugar de orixe e de destino, vehículo empregado e a finalidade do desprazamento. Deberán xustificarse mediante a presentación das correspondentes facturas e xustificantes de pago. Límite de 0,33 euros/km (Informe Captio del Kilometraje 2017) para vehículos lixeiros e 1,667 euros/km (cálculo do Ministerio de Fomento para o 2T 2022) para os pesados.

Coidadores de gando en eventos. O custo máximo de referencia serán 10,82 €/hora, sen IVE, con un tope de 10 horas diarias e un coidador/evento. A persoa encargada da



vixilancia e coidado dos animais estará en posesión do certificado de formación correspondente.

Costos indirectos. A media de dedicación do persoal da entidade ao convenio marcará a porcentaxe de elixibilidade destes gastos. En ningún caso superará o 15% do gasto imputado en concepto de gastos de persoal na execución do proxecto.

Analíticas de filiación. O custo máximo por análise será 15 €, sen IVE, (en base á consulta das tarifas de tres laboratorios: Laboratorio de Xenética Molecular de Xenética Fontao 15,00 €/ mostra, Censyra 26,15 €/mostra e Dr. Van Haeringen Laboratorium B.V 37,50 €/mostra).

PERSOAL :

Establécese un máximo do 80% dos gastos de persoal, salvo naqueles casos nos que se acredite unha dedicación exclusiva do traballador ao proxecto.

O custo do persoal será o recollido nos distintos contratos de traballo en base á categoría profesional do empregado e na porcentaxe en que este se dedique á execución das obrigas recollidas no presente convenio.

AMORTIZACIÓNS:

Calcularanse de conformidade coas normas de contabilidade, debendo achegar a documentación acreditativa do sistema de cálculo empregado.



ANEXO II CADRO DE PREVISIÓN DE ACTUACIÓNS E CUSTOS ANUAIS

Os importes por concepto e tipo de gasto reflectidos no cadro corresponden a cálculos estimados durante cada un dos tres anos de vixencia do convenio, que poderán ser obxecto de variacións no momento da xustificación das actuacións, en función das actividades desenvolvidas e os obxectivos acadados.



CONCEPTO	ACTUACIONES	IMPORTE	IMPORTE	IMPORTE
		2025	2026	2027
PERSONAL	Persoal propio da entidade asignado á realización de traballos do convenio.	64.155,00 €	269.710,00 €	269.710,00 €
TAREFAS DE CONSERVACIÓN IN/EX SITU	<p>Actuacións encamiñadas ao mantemento in/ex situ de animais e á creación e conservación de xermoplasma.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Subcontratacións - Material non inventariable - Material inventariable - Programas informáticos e webs - Actividades de divulgación - Gastos varios 	4.582,50 €	19.265,00 €	19.265,00 €
ACTUACIONES ENCAMIÑADAS Á MELLORADAS EXPLOTACIONES E A PRODUCCIÓN	<p>Estudos e actuacións encamiñadas á mellora e busca da viabilidade das explotacións.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Subcontratacións - Material non inventariable - Material inventariable - Programas informáticos e webs - Actividades de divulgación - Gastos varios 	4.582,50 €	19.265,00 €	19.265,00 €
ACTUACIONES DE PROMOCIÓN	<p>Actuacións de promoción das razas e dos produtos derivados das mesmas.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Subcontratacións 	18.330,00 €	77.060,00 €	77.060,00 €



	<ul style="list-style-type: none"> - Material non inventariable - Material inventariable - Programas informáticos e webs - Actividades de divulgación - Gastos varios 			
ANALÍTICAS DE FILIACIÓN	Análises laboratoriais	2.000 €	7.000,00 €	7.000,00 €
PROMOCIÓN NA SEMANA VERDE DE GALICIA	Actuacións de promoción das razas e dos produtos derivados das mesmas na Feira Internacional Semana Verde de Galicia e no SALIMAT	0 €	95.000,00 €	95.000,00 €
TOTAL		93.650,00 €	487.300,00 €	487.300,00 €



ANEXO III MEMORIA ECONÓMICA

De acordo co establecido na Cláusula Cuarta, toda xustificación virá acompañada dunha memoria económica en formato dixital que incluirá como mínimo os seguintes campos:

PROVEDOR NOME

PROVEDOR NIF

CONCEPTO

DATA FACTURA

Nº FACTURA

BASE IMPONIBLE /SALARIO LÍQUIDO A PERCIBIR

IVE/SS EMPRESA

SS TRABALLADOR

IRPF

FACTURA/NÓMINA (OUTROS CONCEPTOS)

TOTAL FACTURA/ CUSTO TRABALLADOR

DATA PAGO

PORCENTAXE IMPUTADA

TOTAL IMPUTADO

